

**PROTOCOLO PARA A
PROTECCIÓN DA INFANCIA E DA
ADOLESCENCIA FRONTE Á
VIOLENCIA EN ACTIVIDADES DE
LECER E TEMPO LIBRE**



**XUNTA
DE GALICIA**

ÍNDICE DE CONTIDOS

PREÁMBULO

1. OBXECTO

2. CONCEPTOS CLAVE

2.1 Violencia no eido do lecer e do tempo libre

2.2 Bo trato e creación de contornas seguras

2.3 Tipos específicos de violencia

2.3.1 Violencia física

2.3.2 Violencia de tipo sexual

2.3.3 Violencia emocional

2.3.4 *Bullying*

2.3.5 Violencia a través das RRSS e medios telemáticos

2.3.6 Condutas inadecuadas ou inapropiadas

3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

3.1 Ámbito de aplicación obxectivo

3.2 Ámbito de aplicación subxectivo

4. PRINCIPIOS XERAIS DE ACTUACIÓN E OBXECTIVOS

5. MEDIDAS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E ACTUACIÓN

5.1 Medidas de prevención

5.2 Medidas de detección

5.3 Medidas de actuación

6. MEDIDAS DE SEGUIMIENTO

ANEXOS

- Anexo I: Folla de comunicación dunha situación de violencia
- Anexo II: Designación da persoa delegada de protección das nenas, nenos e adolescentes (DP)
- Anexo III: Folla de compromiso fronte á violencia
- Anexo IV: Actuacións de seguimento- monitorización
- Anexo V: Indicadores de tipos de violencia

PREÁMBULO

O presente documento é un protocolo elaborado pola Dirección Xeral de Xuventude, con base no mandato establecido na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (en adiante, LOPIVI) que dispón, no seu artigo 47, a obriga das administracións públicas de regular, no ámbito das súas competencias, protocolos de actuación que recollan as accións necesarias para construír unha contorna segura no eido deportivo e do lecer, co obxectivo de previr, detectar e intervir fronte a posibles situacións de violencia sobre a infancia e a adolescencia comprendidas nos ditos ámbitos.

En Galicia, no eido deportivo, a Secretaría Xeral para o Deporte foi pioneira na elaboración do seu protocolo, aprobado polo Observatorio da Familia e da Infancia de Galicia o 14 de maio de 2024, que serviu de base para elaborar este documento adaptado especificamente ao ámbito do lecer e do tempo libre. Con todo, este protocolo non pretende ser un documento pechado, senón un modelo que cada entidade pode contextualizar, engadindo todo o que considere necesario.

Os protocolos de actuación fronte á violencia deberán aplicarse en todos os centros que realicen actividades deportivas e de lecer, independentemente da súa titularidade pública ou privada.

1. OBXECTO

O presente protocolo ten como propósito establecer e definir as actuacións necesarias para previr, resolver e realizar un seguimento adecuado das situacións de calquera forma de violencia que poidan afectar a nenas, nenos e

adolescentes (en adiante, NNA) durante actividades xuvenís de tempo libre en Galicia.

As actividades de lecer e tempo libre representan unha oportunidade fundamental para a aprendizaxe e desenvolvemento persoal das persoas que participan nelas. Neste contexto, as persoas menores de idade afrontan novas experiencias de socialización, resollen situacións inesperadas non vividas previamente e son quen de tomar decisións de forma autónoma, sen o apoio directo dos seus proxenitores. En definitiva, estas actividades ofrécenlles un espazo único para o coñecemento de si mesmas e a interacción enriquecedora coas demais.

Todo este proceso de crecemento persoal e desenvolvemento entre iguais non exclúe a posibilidade de que, ocasionalmente, xurdan situacións indesexadas de abuso nas relacións interpersoais. Estas condutas, sexan evidentes ou encubertas, non só lles poden causar danos irreparables ás vítimas, senón que tamén colocan a persoa agresora nunha posición potencialmente delituosa, ao situala á marxe da legalidade nos casos máis graves, ou nunha acción de carácter antisocial que demanda a intervención das persoas adultas. As ditas intervencións teñen como prioridade protexer a vítima e traballar na modificación das condutas da persoa agresora.

As actividades de tempo libre presentan unha característica distintiva: a súa duración pode ser diversa. En particular, as actividades de curta duración merecen especial atención xa que, a pesar de non existir un coñecemento previo entre as persoas menores participantes ou entre estas e o equipo de monitorado, se xeran interaccións sociais intensas nun breve período de tempo. Estas situacións requiren unha atención e supervisión especialmente coidadosa para garantir que a contorna sexa segura e que as ditas interaccións se desenvolvan de maneira positiva para todas as persoas menores involucradas.

É responsabilidade das entidades organizadoras de actividades de tempo libre asegurar que as persoas menores que nelas participen o fagan en contornas completamente seguras. Estas deben estar libres de calquera forma de violencia física ou comportamental, tanto se esta provén de persoas adultas como doutras/os NNA cos que interactúen.

2. CONCEPTOS CLAVE

2.1 VIOLENCIA NO EIDO DO LECER E DO TEMPO LIBRE

É violencia calquera forma de agresión física, verbal ou psicolóxica que lles cause dano, lesións ou malestar emocional ás persoas participantes no eido do lecer e do tempo libre. Para os efectos deste protocolo, e segundo o artigo 1.2 da LOPIVI, enténdese por violencia “toda acción, omisión ou trato negligente que priva as persoas menores de idade dos seus dereitos e benestar, que ameaza ou interfere o seu ordenado desenvolvemento físico, psíquico ou social, con independencia da súa forma e medio de comisión, incluída a realizada a través das tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente da violencia dixital”.

En calquera caso, entenderase por violencia no ámbito do lecer e do tempo libre, entre outros:

- O maltrato físico, psicolóxico ou emocional.
- Os castigos físicos, humillantes ou denigrantes.
- O descoido ou o trato negligente.
- As ameazas, inxurias ou calumnias.
- A explotación.
- A violencia sexual.

- A corrupción, a pornografía infantil e a prostitución de NNA.
- O acoso escolar, o acoso sexual e o ciberacoso.
- O acoso por razón de orientación sexual, identidade sexual, expresión de xénero ou características sexuais.

2.2 BO TRATO E CREACIÓN DE CONTORNAS SEGURAS

O artigo 1.3 da LOPIVI define o bo trato ás/aos NNA como “aquele que, respectando os dereitos fundamentais das nenas, nenos e adolescentes, promove activamente os principios de respecto mutuo, dignidade do ser humano, convivencia democrática, solución pacífica de conflitos, dereito a igual protección da lei, igualdade de oportunidades e prohibición de discriminación das nenas, nenos e adolescentes”.

O bo trato, pois, configúrase non só como un obxectivo, senón como un requisito de obrigado cumprimento por parte de todas as entidades que traballen no eido do lecer e do tempo libre na organización, planificación e execución da súa actividade para crearen unha contorna segura, un ambiente protector dende unha dimensión física, psicolóxica e social (incluíndo a contorna dixital), no que as actividades de lecer e tempo libre se desenvolvan sen violencia e co debido respecto aos dereitos das/dos NNA.

Os malos tratos infantís implican unha desprotección, que se produce cando as/os NNA se atopan nunha situación na que non están a ser satisfeitas as súas necesidades máis fundamentais e se están vulnerando os seus dereitos básicos. Estas situacións, cando son detectadas, permiten que se poña en marcha o proceso de protección.

2.3 TIPOS ESPECÍFICOS DE VIOLENCIA

2.3.1 VIOLENCIA FÍSICA

Supón causar, de forma non accidental, lesión, dano ou enfermidade a unha/un NNA ou expoñela/o a un risco de padecelo. Son exemplos deste tipo de violencia, o castigo físico como método de disciplina habitual, o propinar golpes debido á falta de control ou as reaccións de ira, ou o atraso en solicitar axuda ou atención sanitaria, entre outros.

2.3.2 VIOLENCIA DE TIPO SEXUAL

Engloba todas aquelas accións ou omisións que atentan contra a liberdade e a indemnidade sexuais das/dos NNA, con todos os actos de natureza e contido sexual que sexan realizados sen o consentimento da vítima.

Dentro deste tipo de violencia, considerarase acoso sexual a solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para un terceiro que provoque na vítima unha situación obxectiva gravemente intimidatoria, hostil ou humillante.

Tamén se considerará violencia sexual contra as/os NNA:

- Os abusos sexuais mediante engano, ou prevalecéndose de situacións de confianza.
- Os abusos sexuais mediante o uso de internet, teléfono móbil ou similares, co fin de contactar e concertar encontros sexuais para realizar actos de contido sexual ou gravación, exhibición ou difusión de pornografía.
- Enganar a unha persoa menor de idade para facilitar material pornográfico.
- Mostrar imaxes pornográficas nas que se represente ou apareza unha/un NNA.

- Vender, difundir ou exhibir material pornográfico entre NNA.
- Exhibición obscena de xenitais ante NNA.
- Prostitución, explotación sexual e corrupción de NNA.

2.3.3 VIOLENCIA EMOCIONAL

Comprende comportamentos dirixidos a ridiculizar, intimidar, insultar, rexeitar ou humillar. Son situacións propias deste tipo de violencia no eido do lecer e do tempo libre, aquelas nas que as/os NNA son sometidos a insultos, ameazas, actos intimidatorios, vexacións, humillacións, coaccións ou a imposición de castigos ou represalias, que, aínda pretendendo parecer lúdicas, poidan xerar incomodidade ou malestar entre as/os NNA. En especial, considerarase un tipo de conduta violenta a LGTBIfobia, entendida como o emprego de expresións vexatorias que inciten a exercer a violencia contra as persoas ou a súa familia por causa da orientación sexual, a identidade de xénero ou a expresión de xénero, dunha maneira intencionada, ou mesmo condutas discriminatorias por razón de sexo, orientación e identidade sexual ou expresión de xénero.

2.3.4 BULLYING

É unha forma de acoso que pode producirse noutros ámbitos á parte do escolar, como o do lecer e o do tempo libre. Defínese como un maltrato e acoso verbal, físico ou psicolóxico, o que as persoas compañeiras dunha/dun NNA a/o someten de xeito continuado. Pode realizarse a través de redes sociais, caso no que se consideraría *ciberbullying*.

2.3.5 VIOLENCIA A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS E MEDIOS TELEMÁTICOS

Trátase da violencia que se realiza a través de dispositivos móbiles, dixitais ou informáticos, internet, redes sociais e aplicacións de mensaxería ou similares. A través deles, pódense dar todas as condutas violentas anteriormente

relacionadas e especialmente actuacións contra a intimidade, o honor e a propia imaxe das nenas, nenos e, nomeadamente, adolescentes. En concreto, inclúese nesta categoría o *grooming*, entendido como unha forma de acoso sexual, estendida nos últimos tempos, polo uso das novas tecnoloxías. Defínese como o acoso no que unha persoa (xeralmente adulta) contacta cunha nena, neno ou adolescente co fin de gañar de xeito progresivo a súa confianza coa finalidade de involucralo en actividades ou actos de natureza sexual. Trátase dunha forma de violencia sexual tipificada como delito.

Presentan como particularidade a dimensión pública que poden adquirir pola difusión da violencia en medios como internet ou as redes sociais, o que suporá un incremento do dano á vítima.

2.3.6 CONDUCTAS INADECUADAS OU INAPROPIADAS

Defínense como aquela conduta agresiva, hostil, irrespectuosa, que rache o correcto trato provocando na/no NNA incomodidade, ou favorecendo unha posterior situación de violencia.

Recoméndase a formación continua de todo o persoal das entidades que traballen no ámbito do lecer e do tempo libre, para que adopten boas prácticas nas formas de interactuar e relacionarse coas/cos NNA que participen en actividades deste tipo, co fin de evitar as condutas definidas no parágrafo anterior.

Para estes efectos, faranse as seguintes recomendacións:

1. Evitar o contacto físico innecesario, excesivo ou desproporcionado.
2. Non invadir a intimidade corporal ou psicolóxica.

3. Evitar brincadeiras, comentarios ou xogos con connotacións de carácter sexual.
4. Non empregar unha linguaxe inadecuada ou vulgar.
5. Dialogar coas e cos NNA con respecto e educación, sen empregar unha linguaxe sarcástica ou irónica.
6. Non levar a cabo reunións ou entrevistas a soas con NNA.
7. Evitar desprazamentos en vehículos a soas con NNA.

3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

3.1 ÁMBITO DE APLICACIÓN OBXECTIVO

Este protocolo será de aplicación para todas as entidades que realizan de forma habitual actividades de lecer e de tempo libre con persoas menores de idade, independentemente da titularidade, pública ou privada, do centro no que se leven a cabo estas actividades, sen prexuízo da actuación da/do delegada/o de protección ante unha sospeita ou constatación de violencia no ámbito intrafamiliar.

3.2 ÁMBITO DE APLICACIÓN SUBXECTIVO

O presente protocolo será de aplicación:

- a) Ás persoas que traballen nos centros, ás entidades e ás instalacións, públicas ou privadas, que desenvolvan actividades de lecer con persoas menores de idade.
- b) Aos proxenitores e familiares das/dos NNA participantes, dado que asumen as obrigas e responsabilidades destas/es na participación das actividades programadas.

c) Ao persoal que preste os seus servizos baixo un contrato laboral, civil ou mercantil.

d) Ás persoas que desenvolvan a súa actividade como voluntarias ao abeiro da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

e) Aos medios de comunicación que asistan ás actividades de lecer ou tempo libre contidas neste protocolo.

f) En xeral, a calquera persoa que, de calquera modo, poida nalgunha forma, intervir ou participar nas actividades ás que incumbe este protocolo en Galicia.

4. PRINCIPIOS XERAIS DE ACTUACIÓN E OBXECTIVOS

O presente protocolo oriéntase polos seguintes **principios xerais de actuación**:

- Protección integral das/dos NNA que fomente o seu benestar, o respecto dos seus dereitos, a defensa dos seus intereses e a súa participación.

- Igualdade e non discriminación.

- Accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, en cumprimento do que establece o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro.

- Celeridade para evitar demoras que poida prexudicar ou poñer en risco as/os NNA.

- Confidencialidade e adecuada custodia da documentación, conforme coa lexislación estatal vixente en materia de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais sinalados na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

Entre os **obxectivos** que pretenden acadarse con este protocolo están:

- Protexer as/os NNA fronte a todo tipo de violencia.
- Favorecer e fomentar os mecanismos de detección de situación de violencia en NNA.
- Crear espazos de desenvolvemento físico, emocional e psicológico sans e seguros, así como favorecer o bo trato das persoas profesionais, voluntarias, familias e demais axentes implicados no sector do lecer e do tempo libre garantindo o benestar de todas as persoas participantes.
- Determinar as medidas de prevención da violencia nas actividades de lecer e de tempo libre nas que participen NNA.
- Establecer sistemas de monitorización, control e seguimento de cumprimento do protocolo, que permitan unha continua revisión, mellora e eficacia deste.
- Establecer pautas concretas de actuación ante situacións de violencia, delimitando os deberes de comunicación das situacións de violencia das diferentes persoas que traballen nos centros, as entidades e os equipamentos, públicos ou privados, que desenvolvan actividades de lecer con persoas menores de idade ás autoridades, e o procedemento que cómpre seguir, de ser o caso.
- Poñer en marcha a figura da persoa delegada de protección.

Co fin de acadar estes obxectivos, a Dirección Xeral de Xuventude divulgará este protocolo entre as escolas de educación no tempo libre inscritas na Comunidade Autónoma de Galicia para que sexa coñecido polas futuras persoas profesionais do tempo libre que se están a formar nelas. Así mesmo, recomendará que as escolas, dentro do seu propio programa de actividades,

inclúan módulos específicos en materia de dereitos fundamentais da infancia e da adolescencia.

Ao mesmo tempo, para fomentar a súa difusión, este protocolo estará dispoñible na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude (xuventude.xunta.gal ou a que a substitúa) e remitirase ás asociacións xuvenís, ás entidades prestadoras de servizos á xuventude e ás súas respectivas federacións que están inscritas no censo oficial dependente organicamente da Dirección Xeral de Xuventude.

5. MEDIDAS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E ACTUACIÓN

O artigo 48 da LOPIVI establece diferentes obrigas para as entidades que realizan de forma habitual actividades deportivas e de lecer con persoas menores, como son: 1) a aplicación dos protocolos de actuación adoptados polas administracións públicas; 2) a implantación dun sistema de monitorización para asegurar o cumprimento dos anteditos protocolos; e 3) a designación da figura da delegada ou delegado de protección. Para o cumprimento desas obrigas, poden aplicar diversos tipos de medidas.

5.1 MEDIDAS DE PREVENCIÓN:

5.1.1. Nomear e difundir, dentro da entidade, a figura e as funcións da/o delegada/o de protección (DP). Para isto, pódese empregar como modelo o **anexo II** (designación da persoa delegada de protección).

Esta persoa, segundo a LOPIVI, será "á que as persoas menores de idade poidan acudir para expresar as súas inquiredanzas e quen se encargará da difusión e cumprimento dos protocolos establecidos, así como de iniciar as comunicacións pertinentes nos casos nos que se detectase unha situación de violencia sobre a infancia ou a adolescencia".

A/O DP será, por tanto, unha persoa adherida a unha entidade de lecer ou tempo libre cuxa función será a de previr, detectar, comunicar e diminuír os casos de violencia na entidade ou instalación na que desenvolve o seu labor, debendo por tanto ser unha persoa con capacidade de escoita, empatía e de toma de decisións.

O seu nomeamento terá unha duración limitada aínda que poderá prorrogarse.

Garantirase a debida publicación e difusión do seu nomeamento entre as persoas que integran a entidade, polos medios que sexan máis oportunos para estes efectos.

Son funcións da persoa delegada de protección:

- a) Protexer as/os NNA que participan en actividades deportivas e de lecer en Galicia fronte a todo tipo de violencia, para o que adoptará ou recomendará que se adopten as medidas de actuación que foren precisas.
- b) Velar pola aplicación e execución do presente protocolo, para o que se establecerán as condicións necesarias para crear unha contorna segura e unha cultura de trato coas/cos NNA de respecto, igualdade e inclusión, libre de todo tipo de violencia, especialmente respecto daqueles/as que poidan presentar algún tipo de diversidade funcional ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade, así coma a súa difusión.
- c) Dar trámite ás suxestións, queixas, reclamacións ou notificacións que formule calquera persoa ante situacións de violencia, garantindo que existan e funcionen os mecanismos de comunicación e denuncia seguros e confidenciais.
- d) Instruír ou tramitar os expedientes que correspondan por situacións de violencia contra as/os NNA co fin de proceder a comunicarllelos ás autoridades que correspondan.

- e) Adoptar as medidas preventivas que procedan na defensa dos intereses das nenas, dos nenos e adolescentes que puidesen ser vítimas dunha situación de violencia. Neste senso, cómpre salientar como ferramenta preventiva a necesidade de realizar avaliacións periódicas dos factores de risco.
- f) Propoñerlle á entidade para a que realiza o seu labor a adopción das medidas de prevención ou protectoras que considere oportunas ante as situacións de violencia que se puideren producir sobre as/os NNA.
- g) Velar pola debida integración da vítima na actividade de lecer e de tempo libre, fomentando e favorecendo a súa continuidade nela.
- h) Promover a utilización de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos, como a mediación, especialmente en situacións de violencia fronte ás/aos NNA de carácter leve ou ante comportamentos inadecuados non punibles nin sancionables.
- i) Colaborar coas autoridades en todo aquilo que se poida precisar para o debido cumprimento dos fins e obxectivos deste protocolo.
- l) Fomentar a participación activa das/dos NNA para que poidan expresar as súas inquedanzas.
- m) Gardar a debida confidencialidade das informacións, expedientes e asuntos que se tramitan, garantindo a debida protección da identidade das/dos NNA e que os mecanismos de comunicación e denuncia sexan seguros e confidenciais.
- n) Promover a formación e sensibilización na prevención e detección precoz da violencia e protección das/dos NNA, dirixindo as oportunas campañas ao persoal da entidade ou o deseño de plans de actividades orientados a garantir o bo trato e a construción de contornas seguras.

5.1.2. Garantir que o persoal que preste os seus servizos na entidade carece de antecedentes por delitos de natureza sexual, o que se acreditará coa correspondente certificación, de acordo co establecido na normativa aplicable (<https://sede.mjusticia.gob.es/es/tramites/certificado-registro-central>).

Para efectos da LOPIVI e do presente protocolo, estarán incluídas neste apartado todas aquelas actividades retribuídas ou non que pola súa propia natureza e esencia supoñen un trato repetido, directo e regular e non soamente ocasional con NNA, así como aquelas que teñan como persoas destinatarias a NNA.

5.1.3. Asegurar a debida difusión do presente protocolo, que se remitirá tanto ás persoas organizadoras de actividades de tempo libre como ás entidades que as promoven, incidindo nas actuacións de intervención, no caso de que se constaten feitos ou haxa indicadores de que se produciran situacións de violencia cara ás/aos NNA. As/Os responsables das actividades informarán as persoas menores da necesidade de comunicar calquera situación de violencia que se produza tanto por parte de persoas adultas cara a elas como das persoas menores entre si, ademais de especificarlles os medios dos que disporán as persoas participantes nas actividades para comunicar unha posible situación de violencia, garantindo o uso dunha linguaxe comprensible e a debida confidencialidade nas comunicacións. Pode usarse para iso a folla de comunicación da situación de violencia recollida no anexo I, ou os canais, accesibles e universais, que se consideren máis axeitados para logralo en función da idade, capacidade e situación emocional das persoas menores.

5.1.4. Comprometerse a traballar na prevención de comportamentos constitutivos de violencia, a través dunha declaración responsable como a recollida no anexo III (folla de compromiso fronte á violencia), que pode ser igualmente obxecto de difusión para o coñecemento das/dos NNA.

5.1.5. Elaborar recomendacións de boas prácticas e recordatorios de prevención e rexeitamento da violencia, en áreas ou zonas da instalación onde poidan producirse situacións de violencia. Para isto, poderanse instalar carteis ou outros elementos identificativos, así como incluír esta información na política de comunicación, uso de imaxes e redes sociais.

5.1.6. Incluír cláusulas en contratos laborais ou mercantís, ou en acordos de incorporación como persoas voluntarias, que recollan a causa específica de cesamento ou extinción da relación laboral, civil ou mercantil, pola realización probada de comportamentos violentos contra unha persoa menor ou de comportamentos contrarios aos fins e obxectivos deste protocolo.

5.1.7. Revisar e adaptar os seus regulamentos de réxime interno que deberán regular de forma expresa, no seu catálogo de infraccións, as correspondentes ás condutas violentas que se poidan desenvolver sobre as/os NNA e aquelas que atenten contra os seus dereitos recoñecidos, xunto coas posibles medidas disciplinarias para adoptar, de ser o caso.

5.1.8. Protexer a imaxe da persoa menor de idade: o consentimento do uso da súa imaxe deberá realizarse conforme cos postulados da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, á intimidade persoal, familiar e á propia imaxe.

5.1.9 Poñer en práctica unha política de protección/salvagarda. A LOPIVI pon o foco no bo trato como elemento transversal que debe marcar toda actividade que se desenvolva coa infancia. Isto conséguese xerando unha cultura do bo trato nas organizacións mediante o deseño e a implantación dunha "Política de protección e bo trato cara á infancia e a adolescencia".

A política debe conter, cando menos, un código de conduta, un regulamento de réxime interno, mecanismos efectivos de comunicación e denuncia, e un mapa de riscos.

- Código de conduta. Constitúe unha declaración pública dos comportamentos e as actitudes que tanto as entidades como as persoas que forman parte destas deben observar no desempeño das súas actividades.
- Regulamento de réxime interno. O obxectivo principal é prever as consecuencias que terán o incumprimento do Código de conduta, así como os procedementos para seguir neses casos.
- Mecanismos de comunicación e denuncia. É esencial o establecemento de espazos de comunicación directos e áxiles, así como a posibilidade de que existan canles anónimas de denuncia.
- Mapa de riscos. A identificación e medición dos riscos contribúe a tomar medidas adecuadas para mitigalos ou xestionalos, permite entender o ecosistema, asumir responsabilidades e render contas. Para a súa medición, é importante entender como se produce, de onde procede, quen son ou poden ser os axentes que os causen e quen son as persoas en risco. Poden representarse por medio dunha táboa onde se relaciona a situación de risco coas accións preventivas, como a que segue:

ACTIVIDADE	SITUACIÓN DE RISCO	ACCIÓN PREVENTIVAS
Uso compartido de lavabos ou duchas	Momento íntimo, en solitario ou con pouca xente	Unha persoa responsable da actividade poden acompañar as persoas menores, tendo en conta a concordancia de xénero
Pasar a noite fóra do fogar compartindo cuarto con outras persoas	Ausencia do núcleo familiar nun momento de intimidade e ás escuras	As persoas responsables da actividade poden realizar roldas periódicas de vixilancia.
Uso de dispositivos móbiles para fotos e vídeos	Facer un uso indebido e sen consentimento de imaxes ou vídeos	As persoas responsables da actividade poden controlar o uso de dispositivos móbiles e limitar o seu uso a horas estipuladas.
Xogos, talleres ou dinámicas grupais	Poden darse relacións inadecuadas entre participantes que aproveiten estes momentos para exercer violencia ou acoso.	As persoas responsables da actividade poden promover xogos e actividades integradoras da diversidade grupal e evitar favoritismos nas relacións adultos/menores.
Tempo libre	Pode haber riscos ao tratarse de actividades non supervisadas.	As persoas responsables da actividade poden realizar roldas periódicas de supervisión e/ou observación en momentos distendidos do grupo para detectar comportamentos sospeitosos.

5.2 MEDIDAS DE DETECCIÓN

Para favorecer que as/os propias/os NNA detecten a violencia é fundamental que contén coa debida información para identificar que situacións constitúen violencia. Así, as entidades informarán as persoas participantes da existencia do Protocolo ao inicio da actividade de lecer, e explicarán brevemente o que se entende por violencia, dos medios dos que dispoñen para poñer en

coñecemento unha situación de violencia e de como actuar contra ela. Do mesmo xeito, comunicaranlles quen é a persoa delegada de protección e informaranas/os sobre as distintas vías para solicitar axuda ante unha situación de violencia.

Ademais, a entidade porá a disposición das/dos NNA modelos de recollida de información para facilitarlles a comunicación dunha situación de violencia. Para isto, poderase adoptar como modelo a folla de comunicación recollida no **anexo I**, que poderá cubrir a persoa delegada de protección no caso de que pola súa idade, capacidade e situación emocional, non poida facelo directamente a/o NNA.

A violencia pode provir de calquera dos suxeitos que forman parte do tecido do lecer e do tempo libre e pode orixinarse antes, durante ou despois da actividade de lecer e tempo libre, nas instalacións onde se leve a cabo ou fóra delas (desprazamentos, oficinas ou similares). A entidade debe precisar os momentos, lugares ou situacións nos que se poidan dar en maior medida as situacións de violencia, polo que é recomendable establecer mecanismos claros para a súa detección. Para isto, pódese usar como referencia o anexo V (indicadores de tipos de violencia).

-Posibles mecanismos de detección:

Atenderanse os seguintes indicadores:

a) Indicadores específicos:

- Observación directa dun feito violento sobre unha/un NNA

- Revelación de feitos á/ao DP ou a unha terceira persoa. Pode ser unha revelación directamente contada pola vítima ou comunicada por outra persoa ou pola apreciación de indicadores que fagan sospeitar que unha/un NNA poida estar sufrindo unha situación de violencia.

b) Indicadores físicos ou comportamentais directos:

Son aquelas evidencias físicas ou comportamentais directas recoñecibles a simple vista na persoa menor, sen necesidade de levar a cabo ningunha exploración específica, que non responden a unha xustificación propia da actividade de lecer e de tempo libre. Dentro destes indicadores cabe mencionar as evidencias de violencia física (lesións, feridas, estado de alerta, temeridade ante algunhas persoas), psicolóxica (desinterese, falta de iniciativa, baixa autoestima), sexual ou neglixencia.

c) Indicadores inespecíficos:

Englóbanse nesta categoría todos aqueles sinais de carácter físico ou comportamental que poidan constituír sinais da existencia dunha situación de violencia, que puido incluso producirse con anterioridade ao desenvolvemento da actividade.

Trátase de indicadores que deben interpretarse e analizarse con cautela, para o que se acudirá a fontes complementarias como a observación e a recompilación de información para detectar a causa e orixe deste posible comportamento da/do menor, que pode ocultar unha situación de violencia. Distínguense tamén entre eles indicadores físicos (problemas de alimentación ou dores recorrentes sen causa orgánica...) ou psicolóxicos e de conduta (retraemento, desconfianza cara a persoas adultas, furtos, mentiras frecuentes, alteracións do sono, fobias...).

Tendo en conta que a detección de indicadores pode xurdir tanto da observación directa coma de relatos, directos ou indirectos, as entidades fomentarán espazos de escoita diversos e seguros para as/os NNA que permitan canalizar formas de detección pasiva. Algúns exemplos destes espazos poden ser: caixa de correo, formularios, asembleas periódicas..., sempre garantindo a confidencialidade destas canles.

A apreciación dalgún indicador específico ou de varios signos non específicos nos que, tras a observación e a obtención de información se poida concluír a existencia dunha situación de violencia, determinará a activación do protocolo de protección contra a violencia e a aplicación de medidas de actuación que se indican no punto seguinte.

5.3. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

Calquera NNA que sexa vítima de violencia, ou calquera persoa que teña coñecemento desta situación, poderá solicitar axuda verbalmente ou por escrito, poñéndose en contacto coa persoa delegada de protección, que activará nese momento o protocolo de protección. As comunicacións poderán levarse a cabo por calquera medio; para isto, poderase utilizar o modelo recollido no anexo I (folla de comunicación dunha situación de violencia; que poderá cubrir o delegado de protección ou a/o propia/o NNA).

A primeira actuación da persoa delegada de protección, unha vez recibida a solicitude de axuda, será a de asistir a vítima e darlle a debida protección e atención, o que levará aparellada unha primeira avaliación da situación, do tipo de violencia que se puido exercer sobre ela e da súa intensidade, para adoptar as pertinentes medidas e comunicacións ao respecto. Esta primeira avaliación debe realizarse no mesmo momento en que se reciba a solicitude de axuda por parte da/do NNA.

No caso de que a/o NNA estea en risco, ou no caso de que se acabe de producir un feito constitutivo de posible delito, a/o DP, ademais de iniciar o protocolo, informará inmediatamente as forzas e corpos de seguridade.

As actividades de valoración serven para determinar a dimensión da situación producida e as medidas que se poden adoptar. Entre estas estarían:

- Indagar se houbo episodios previos de violencia e que medidas se adoptaron respecto a eles.
- Valorar situacións de vulnerabilidade da/do NNA.
- Verificar os feitos, asegurándose de escoitar as partes implicadas usando unha linguaxe sinxela e comprensible e respectando o dereito á súa intimidade e dignidade.
- Impedir que se difundan e amplifiquen comunicacións erróneas dos feitos.

En función desta valoración inicial e para o correcto esclarecemento dos feitos e a tipificación da súa gravidade (feitos leves, graves ou moi graves), a persoa DP poderá levar a cabo diversas dilixencias, como as seguintes:

- Entrevista por separado coa vítima e coa presunta persoa agresora.
- Entrevistas individuais coas persoas que presenciaron os feitos, de ser o caso.
- Recompilación de toda a documentación e información necesarias. Poderán solicitarse informes ao persoal da entidade que puidese presenciar os feitos.

O resultado das dilixencias practicadas debe quedar reflectido por escrito.

Na práctica das dilixencias, deberase garantir a protección das/dos NNA afectadas/os e evitar a vitimización secundaria (non duplicar intervencións coas vítimas nin facer revivir innecesariamente os feitos), así como respectar a identidade das nenas, dos nenos e adolescentes, actuando coa maior dilixencia posible para evitar dilacións innecesarias. Ao mesmo tempo, debe respectarse a presunción de inocencia da presunta persoa agresora.

Logo de realizar todas as dilixencias, a persoa DP poderá, de xeito motivado:

- a) Arquivar o expediente por considerar que a violencia non existiu ou non se produciu. En todo caso, a persoa DP, logo de realizar as actuacións, de constatar que non houbo situación violenta ningunha, realizará algunha actividade grupal preventiva de boas prácticas e convivencia.

b) Se a persoa DP constata que os feitos teñen un carácter leve, poderá propoñer a resolución do conflito a través da mediación voluntaria das partes ou da corrección interna por parte da entidade con aplicación, se é o caso, dalgũa medida educativa ou correctiva.

c) Se polo contrario, a violencia exercida é obxectivamente grave ou moi grave e supón un risco de calquera tipo para a integridade física ou psicolóxica da vítima, comunicarllo inmediatamente ás persoas responsables da entidade e ás autoridades que correspondan para a súa rápida intervención, especialmente se os feitos puideren ser constitutivos de delito, para o que poderá solicitar a adopción de medidas preventivas de protección, dentro do ámbito das súas competencias. Estas poderían ser un axuste dos horarios, un cambio de grupo ou de actividade, etc.

Se a medida preventiva for imposta polas autoridades, procurará o seu cumprimento.

Dado o prazo temporal acoutado no que se realizan as actividades de lecer e tempo libre, deberase dar unha solución á situación de violencia detectada coa maior brevidade posible e, en todo caso, antes do fin da actividade.

Así mesmo, informará as/os NNA da existencia da liña de axuda á infancia da Xunta de Galicia, o número de teléfono 116 111.


A persoa DP, ao finalizar o procedemento, de constatare a existencia de violencia contra unha/un NNA (tanto de carácter leve como grave), elaborará un informe coas conclusións obtidas, que será enviado pola entidade ao órgano competente en materia de xuventude, co obxecto de coñecer, dende un punto de vista cuantitativo e cualitativo, as situacións de violencia que puideron producirse durante o desenvolvemento das actividades de lecer e de tempo libre.

6. MEDIDAS DE SEGUIMIENTO

Como se indicou anteriormente, o artigo 48 da LOPIVI establece tamén como obriga das entidades que realizan de forma habitual actividades deportivas e de lecer con persoas menores de idade, a implantación dun sistema de monitorización para asegurar o cumprimento dos protocolos de actuación en relación coa protección destas persoas.

A monitorización das actuacións da entidade ante situacións de violencia implica o rexistro da actividade desenvolta, de forma que se poida acreditar un comportamento dilixente da entidade en prol de xerar contornas seguras para as/os NNA, co obxecto de previr situacións de violencia ou da súa axeitada e rápida resolución no caso de que se produzan estas situacións. Todo isto, poderase facer a través do **anexo IV** (actuacións de seguimento - monitorización).


O Observatorio da Familia e da Infancia da Xunta de Galicia revisará e actualizará este protocolo, por proposta da Dirección Xeral de Xuventude, nun período máximo de dous anos dende a súa aprobación, co obxecto de introducir as modificacións que cumpran por mor de avances científicos, técnicos ou normativos, ou mesmo melloras técnicas para a idónea consecución dos seus fins. As novas versións estarán dispoñibles para a súa consulta na páxina web xuventude.xunta.gal.



ANEXO I. Folla de comunicación dunha situación de violencia

DATOS DA ENTIDADE QUE COMUNICA A SITUACIÓN DE VIOLENCIA (para cubrir a persoa delegada de protección)			
NOME DA ENTIDADE			
DNI/NIF:		TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO:			
ENDEREZO:			
DATOS DA/DO NNA QUE SUFRIU A SITUACIÓN DE VIOLENCIA			
NOME:			
DATOS CONTACTO:			
IDADE:		LESIÓNS	☐ SI ☐ NON

DATOS DA SITUACIÓN DE VIOLENCIA	
DATA e hora na que ocorreron os feitos	
LUGAR onde se produciron os feitos	
Comunicóuselle ás autoridades?	☐ NON ☐ SI AUTORIDADE á que se lle comunicou:
Tipo de violencia	☐ Física ☐ Comportamental ☐ Sexual ☐ Insultos ☐ Redes Sociais ☐ Imaxe/datos ☐ OUTRA:
DESCRIPCIÓN DA INCIDENCIA: (Indicar as persoas implicadas, as condutas observadas, os documentos que se acompañan, as persoas que presenciaron os feitos e os seus datos de contacto.)	



(No caso de precisar máis espazo, poderá continuar en follas á parte debidamente numeradas que se acompañarán a ese Anexo.)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

-

-

-

-

-	
-	
-	
-	
PERSOAS QUE PRESENCIARON OS FEITOS	
NOME E APELIDOS	DATOS DE CONTACTO
ACCIÓNS LEVADAS A CABO	
-	
-	
-	
-	
-	

(Lugar e data)

_____, ____ de ____ de ____

Sinatura da persoa delegada de protección

ANEXO II. Designación da persoa delegada de protección das nenas, nenos e adolescentes (DP)

ENTIDADE: _____

D./D.^a _____, maior de idade, co
DNI _____, na súa calidade de secretaria/o da
entidade _____,
con domicilio en _____, NIF _____

CERTIFICO

Que para os efectos do cumprimento do Protocolo para a protección das nenas, nenos e adolescentes fronte á violencia nas actividades deportivas e de lecer e de tempo libre en Galicia, das disposicións da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia, designouse a persoa cuxos datos se relacionan a continuación como **PERSOA DELEGADA DE PROTECCIÓN** da nosa entidade, por considerar que posúe os requisitos requiridos:

NOME	
DNI	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	
ENDEREZO POSTAL	

Certifícase igualmente que a persoa designada aceptou o nomeamento, co seu compromiso a desempeñar o cargo coa maior dilixencia e conforme ao contido do mencionado Protocolo.

E para que así conste e para os efectos oportunos, asino esta designación en
_____, o _____ de _____ de _____.

A entidade

A/O delegada/o de protección

ANEXO III. Folla de compromiso fronte á violencia

ENTIDADE	
CIF	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	
DELEGADO DE PROTECCIÓN	

DECLARACIÓN RESPONSABLE

1. A entidade comparecente declara expresamente coñecer o Protocolo para a protección das nenas, nenos e adolescentes (NNA) fronte á violencia nas actividades deportivas e de lecer e de tempo libre en Galicia, no que se establecen o conxunto de medidas e normas de actuación que serán de aplicación ás actividades de lecer e de tempo libre organizadas e promovidas pola propia entidade.
2. A entidade comparecente cumprirá e fará cumprir as obrigas e os compromisos e adoptará as medidas de protección das/dos NNA e prevención da violencia fronte a estes, que se establecen na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia (LOPVI), no Protocolo para a protección das/dos NNA nas actividades de lecer e de tempo libre da entidade e nas que diten as autoridades correspondentes. Igualmente, velará por que todos os membros da entidade que teñen contacto con NNA teñan actualizado o certificado negativo de delitos de natureza sexual e trata de seres humanos, e adoptarán as medidas disciplinarias e sancionadoras que correspondan no caso de incumprimento.
3. As actividades de lecer e de tempo libre que se desenvolvan na súa actividade deseñaranse, organízanse e execútanse sobre a base do respecto aos dereitos e liberdades das/dos NNA, sobre a base do bo trato ás nenas, nenos e adolescentes co obxectivo de crear actividades e contornas seguras.
4. A entidade designará unha persoa delegada de protección de NNA (DP) que desempeñará as funcións e as tarefas que se establecen na LOPVI e no mencionado Protocolo.
5. A entidade comparecente obrígase a tramitar debidamente as incidencias, reclamacións, queixas, suxestións e notificacións que se formulen e a remitírlleas ás autoridades que correspondan e á/ao DP da entidade. Así mesmo, derivaráas, de ser o caso e cando for aconsellable, ás canles de mediación que se establezan na entidade.

_____, ____ de ____ de ____

D. _____
Responsable da entidade

D. _____
Delegada/o de Protección

ANEXO IV. Actuacións de seguimento- monitorización

	TAREFAS	DATA	ACCIÓN REALIZADA
1	Designación da persoa delegada de protección		Cobertura do anexo II
2	Tarefas de difusión do Protocolo		Enlace á páxina web onde se difundiu. Accións concretas de difusión a familia, participantes, monitores...
3	Formación da persoa delegada de protección		Cursos realizados
4	Formación do resto de persoas da entidade que traballan habitualmente con NNA		Cursos realizados
5	Monitorización dos casos de violencia		Informes e medidas adoptadas en cada unha das situacións (por exemplo, a comprobación da seguridade na contratación do persoal, cos certificados negativos do rexistro central de delincuentes sexuais e trata de seres humanos)

ANEXO V. INDICADORES DE TIPOS DE VIOLENCIA

TIPO DE VIOLENCIA (física, sexual, intrafamiliar, bullying...)	Indicadores físicos e comportamentais nas/nos NNA	Indicadores na presunta persoa agresora (outra/o NNA, adulto, familia, persoal da entidade...)
Física	Hematomas, queimaduras, fracturas. Cautela respecto a contacto físico con persoas adultas, agresividade, rexeitamento, tendencia á soidade e illamento.	Disciplina severa sobre o/a NNA, non dá explicación sobre as lesións da/do NNA ou son ilóxicas ou non convincentes, parece non preocuparse pola/o NNA
Emocional	Tristeza, atraso madurativo, enfermidades de orixe psicosomático. Desconfianza e apatía cara a persoas adultas, baixa autoestima, ánimo deprimido, carácter asustadizo, condutas de autolesión.	Frialdade e falta de afecto no trato cara á/ao NNA, rexeitamento verbal e insultos, impide autonomía da/do NNA.
Sexual	Dor, proído ou sangrado en xenitais externos, dificultade para andar ou sentarse, sen causa coñecida. Condutas ou coñecementos sexuais estraños e impropios da idade, promiscuidade sexual, condutas sexualizadas, ansiedade, depresión, rexeitamento de caricias, bicos e contacto físico	Extremadamente protector ou celoso coa/co NNA, intimidación e ameazas, manipulación, aproveita a situación de poder para exercer presión, cambios bruscos de actitude coa/co NNA
<i>Bullying</i>	Diminución da interacción coas amizades, cambios de humor, irritabilidade, dificultade para concentrase, baixada do rendemento escolar, absentismo escolar	Ignorar, insultar, non deixar participar a/o NNA, ameazar, agredir fisicamente, tentar illar do grupo a/o NNA, alcumes ou comportamentos ofensivos
...		
...		
...		